



PROXECTO LINGÜÍSTICO

INSTITUTO SANTA IRENE



XUNTA
DE GALICIA



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	1
2. BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO.....	1
2.1. A CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	1
2.2. ENQUISA SOBRE O USO DO GALEGO NO CENTRO.....	1
2.3. AMBIENTE SOCIO-LINGÜÍSTICO NO CENTRO.....	2
3. LINGUAS VEHICULARES NAS MATERIAS DE ESO E BACHARELATO.....	2
4. ALUMNADO CON DIFICULTADES NO DOMINIO DAS LINGUAS COOFICIAIS	6
5. OBXECTIVOS XERAIS E ACTUACIÓNS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	6
6. PROXECTO DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	7
6.1. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG).....	7
6.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	8
6.3. O EDLG E AS NOVAS TECNOLOXÍAS.....	8
6.4. ACTIVIDADES	8



1. INTRODUCCIÓN

Este proxecto foi redactado ao abeiro do [Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia](#).

2. BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

2.1. A contorna sociolingüística do centro

O IES Santa Irene está situado nunha contorna urbana, o Concello de Vigo, máis concretamente, na zona das Travesas, considerada o segundo núcleo importante da cidade. Cómpre ter en conta que, ademais, se trata da urbe máis castelanizada de Galicia, segundo as enquisas de diversos organismos como o Instituto Nacional de Estatística ou o Instituto Galego de Estatística. O centro ten adscritos dous colexios dos que procede case a totalidade do alumnado: CEIP Canicouva e CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro. O primeiro pertence a unha contorna periurbana e o segundo, a unha plenamente urbana, moi próxima ao propio centro educativo. Desta cuestión poderían derivarse leves diferenzas sobre o uso das linguas pero de momento non foron realizadas análises máis profundas desta cuestión.

2.2. Enquisa sobre o uso do galego no centro

Para coñecer de primeira man o centro, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega realizou no primeiro trimestre do curso 2023-2024 unha enquisa sobre o uso do galego e o castelán por parte do alumnado e do equipo docente, de onde se obteñen as seguintes conclusións sobre o emprego real das linguas no centro.

O **alumnado** é maioritariamente castelán-falante, concretamente nun 86%, só o 14% admite falar galego sempre, maioritariamente ou nalgunha ocasión. Cifras que ofrecen poucos cambios ao considerar as linguas no ámbito familiar, na súa vida cotiá ou no instituto, sendo o galego levemente máis usado na familia, o que indica a perda do galego no ámbito social e que o seu uso diglósico continúa.

O uso do galego no instituto medra levemente nas clases impartidas nesta lingua. A pesar de se declararen castelanfalantes nunha altísima porcentaxe, senten que teñen unha competencia en galego moi boa ou boa nun 57%, únicamente un 7% cre que ten unha competencia deficiente. Este dato pode deberse, entre outros, a unha porcentaxe similar de alumnas e alumnos estranxeiros ou fillos de emigrantes galegos retornados.

Outra cuestión que é digna de mención é a valoración positiva que fan da lingua galega como válida para utilizar na cidade (case o 70%), importante para ser transmitida ás xeracións máis novas e a importancia innegable que ten para a meirande parte deles/as como lingua que debe ser estudada ou estar presente como lingua vehicular de diversas materias fóra de Lingua Galega e Literatura, algo que, segundo o 60%, contribúe a lle dar prestixio. Mais tamén encontramos prexuízos negativos: a meirande parte do alumnado, o 78%, non ve o galego como lingua apropiada para videoxogos e só o 38% o considera o galego apto para calquera tipo de música.

O **profesorado** confesa que a súa lingua cotiá é só ou predominantemente castelán nun 57%, un



16% admite usar as dúas por igual e só un 27 % di que usa só galego ou máis galego que castelán. Respecto da lingua que o profesorado afirma falar co alumnado, o 66% castelán e o 34% galego.

O **persoal non docente** (conserxería, secretaría, persoal limpeza, de biblioteca e cafetaría) son todos/as castelanfalantes aínda que entenden o galego. Únicamente o persoal de limpeza fala en galego co profesorado que llo fala e o persoal da cafetaría ten certas dificultades para entendelo porque a súa procedencia non é española.

2.3. Ambiente socio-lingüístico no centro

A web do instituto e a documentación administrativa do centro están en galego, tamén as notas informativas dos taboleiros e case toda a rotulación. Hai excepcións que se deben a que o edificio no que se sitúa o centro é histórico, con case oitenta anos.

A lingua de comunicación co alumnado e familias varía, se é escrita, en galego, ou oral, onde tanto en contextos formais coma informais é maioritariamente en castelán, tanto por parte do persoal non docente de conserxería e secretaría, como a meirande parte do profesorado e a metade dos membros do equipo directivo.

A Asociación de Nais e Pais do Alumnado utiliza as dúas linguas, aínda que por escrito predomina o galego.

Nas actividades extraescolares e complementarias a lingua depende dos departamentos organizadores de ditas actividades. Aquelas que dependen de vicedirección son case sempre en galego. No centro hai un grupo de teatro de fonda tradición que sempre utiliza o galego nas súas comunicacións orais e escritas amais de nas representacións.

A actividade promovida desde a biblioteca está en galego así como o seu blog. En cambio a súa dotación de fondos é manifestamente menor en galego cá en castelán en canto á proporcionalidade, especialmente no referido a materias que non teñen que ver con Lingua e Literatura Castelá e Literatura e Lingua Galega, mais están aumentando tímidamente as obras en galego porque hai un especial coidado desde o equipo da biblioteca de que así sexa e porque así o demandan os propios departamentos.

Nas aulas que se imparten en galego segundo establece a lexislación vixente, a lingua do alumnado segue a ser maioritariamente o castelán, tanto entre eles/as como para se dirixiren ao profesorado.

3. LINGUAS VEHICULARES NAS MATERIAS DE ESO E BACHARELATO

As materias de Inglés e Francés aparecen nos cadros en azul xa que deben ser impartidas nesas mesmas linguas respectivamente.



1º ESO			
Materias en castelán	Nº horas	Materias en galego	Nº horas
Lingua Castelá e Literatura	3	Lingua Galega e Literatura	4
Matemáticas	5	Bioloxía e Xeoloxía	3
Tecnoloxía e Dixitalización	3	Xeografía e Historia	3
E. Plástica, Visual e Audiov.	2	Educación Física	2
		Titoría	1
		Relixión / Proxecto Competencial	1
Inglés	3	Francés	2
Horas en castelán	13	Horas en galego	14
Total			32

2º ESO			
Materias en castelán	Nº horas	Materias en galego	Nº horas
Lingua Castelá e Literatura	4	Lingua Galega e Literatura	3
Matemáticas	5	Xeografía e Historia	3
Física e Química.	3	Música	2
Tecnoloxía e Dixitalización	3	Educación Física	2
		Relixión / Proxecto Competencial	1
		Titoría	1
Inglés	3	Francés	2
Horas en castelán	15	Horas en galego	12
Total			32



3º ESO			
Materias en castelán	Nº horas	Materias en galego	Nº horas
Lingua Castelá e Literatura	3	Lingua Galega e Literatura	3
Matemáticas	4	Xeografía e Historia	3
Física e Química.	2	Bioloxía e Xeoloxía	2
Ed. Plástica, Visual e Audiv.	2	Música	2
Optativa de 3º ESO (Francés)	3	Educación Física	2
		E. Valores Cívicos e Éticos	1
		Relixión / Proxecto Competencial	1
Inglés	3	Titoría	1
Horas en castelán	14	Horas en galego	15
Total			32

4º ESO			
Materias en castelán	Nº horas	Materias en galego	Nº horas
Lingua Castelá e Literatura	3	Lingua Galega e Literatura	3
Matemáticas B ou A	4	Xeografía e Historia	3
Física e Química / Tecnoloxía / Eco.	3	Bioloxía e Xeoloxía / FOPP / Latín	3
Filosofía / Dixitaliación	3	Educación Física	2
		Relixión / Proxecto Competencial	1
		Mús. / Cult. Clás. / Ed. Artíst. / Francés	3
		Titoría	1
		Inglés	3
Horas en castelán	13	Horas en galego	16
Total			32



1º BACH			
Materias en castelán	Nº horas	Materias en galego	Nº horas
Lingua Castelá e Literatura I	3	Lingua Galega e Literatura I	3
Matemáticas I / Apli. I / Latín I	4	Bio. e Xeo. / Deb. Tec. I / Tecno. I / Hist. Mundo Contemp. / Grego I	4
Física e Química / Eco. / Lit. Univers.	4	Educación Física	3
Filosofía	3	Anatomía / TIC I / Francés I / Cult. Cient. / L. P. Musical	4
		Relixión / Afondamentos	1
Inglés	3		
Horas en castelán	14	Horas en galego	15
Total			32

2º BACH			
Materias en castelán	Nº horas	Materias en galego	Nº horas
Lingua Castelá e Literatura II	3	Lingua Galega e Literatura II	3
Matemáticas II / Apli. II / Latín II	4	Bio. / Xeo. / Deb. Tec. II / Tec. II / Xeografía / Grego II	4
Física / Química / Emp. E Negocio / Historia da Arte	4	Historia de España	3
Historia da Filosofía	3	Psicoloxía / TIC II / Francés II	4
		Relixión / Afondamentos	1
Inglés	3		
Horas en castelán	14	Horas en galego	15
Total			32



ESA III			
Materias en castelán	Nº horas	Materias en galego	Nº horas
Ámbito Social	4	Ámbito Científico-Tecnolóxico	8
		Ámbito Comunicación	5
Titoría	1	Ámbito Comunicación (Inglés)	2
Horas en castelán	5	Horas en galego	13
Total			20

ESA IV			
Materias en castelán	Nº horas	Materias en galego	Nº horas
Ámbito Científico-Tecnolóxico	8	Ámbito Social	4
Ámbito Comunicación	5	Ámbito Comunicación (Inglés)	2
		Titoría	1
Horas en castelán	13	Horas en galego	5
Total			20

4. ALUMNADO CON DIFICULTADES NO DOMINIO DAS LINGUAS COOFICIAIS

Entre as medidas previstas para que o alumnado mellore a súa competencia lingüística en galego considéranse as seguintes:

- Exención da cualificación nas probas de lingua galega, ao abeiro do [Decreto 79/2010 do 20 de maio](#), aplicable durante dous cursos académicos.
- Clases extraescolares de lingua galega os luns pola tarde.
- Apadriñamento lingüístico durante os períodos de lecer.

Ademais, para o alumnado con dificultades nas destrezas básicas (lecto-escritura, comprensión) tamén se contempla a exención da 2ª lingua estranxeira para recibir nesas horas clases extra de lingua castelá (1º ESO) e de lingua galega (2º ESO).

Desdobre na materia de Lingua Galega e Literatura en 1º ESO e un agrupamento flexible en 2º ESO.

5. OBXECTIVOS XERAIS E ACTUACIÓNS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

O obxectivo fundamental é a dinamización da lingua galega, a sensibilización e concienciación do seu uso entre a comunidade escolar (alumnado, persoal docente e non docente) e a colaboración



con outros centros ou asociacións da contorna que tamén apoian a normalización da lingua galega.

Tendo en conta a descrición feita dos diferentes sectores da comunidade escolar do IES Santa Irene, os obxectivos fundamentais son actitudinais e tendentes a procurar un cambio na valoración social do galego en cada un dos sectores e nomeadamente no do alumnado, amais de propiciar contornas onde se facilite o uso oral da lingua galega. Os obxectivos son:

- a) **Implicar ó sector máis concienciado como elemento dinamizador da normalización lingüística do centro.** Considerando o alumnado como o elemento máis importante no proceso de normalización, a actividade orientarase cara a eles/as por entender que representan o futuro do idioma, constitúen a base fundamental da comunidade educativa e son tamén o elemento máis castelanizado e o máis susceptible de cambio lingüístico. Preténdese a curto prazo, a integración do maior número posible do alumnado no Grupo de Dinamización de Lingua Galega e que este funcione como dinamizador do galego cara ao resto do alumnado.
- b) **Aprender a valorar positivamente o idioma como o primeiro paso cara a súa aprendizaxe e utilización efectiva.** Esta valoración positiva do idioma debe ir acompañada dunha valoración positiva do propio. Neste senso, o ensino ten un papel que non está a cumprir, o de posibilitar a integración equilibrada do alumnado no seu mundo para que coñeza e valore o que lle é propio. Só así se poderá superar a situación diglósica na que está inmerso o alumnado e gran parte de sociedade galega. Para conseguir estes obxectivos fomentárase o traballo interdisciplinar que esperte no alumnado o interese pola historia, o patrimonio, a xeografía e o medioambiente, entre outros.
- c) **Sensibilizar a pais e nais, ó persoal administrativo e ó persoal non docente, para que colabore nas actividades do proceso normalizador.** A comunidade educativa non debe estar ausente á hora de formular os obxectivos. Por iso tratarase de que se incorporen a este proceso.

6. PROXECTO DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

A totalidade do alumnado, o persoal docente e non docente participa das actividades realizadas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).

6.1. Constitución do equipo de dinamización da lingua galega (EDLG)

O EDLG do IES Santa Irene está integrado por varios membros dos departamentos de Música, Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas, Lingua Galega e Literatura e Educación Física.

Este equipo está encargado de organizar as actividades nos seus cursos de referencia, aínda que a maior parte do profesorado do centro colabora dende as súas propias aulas, traballando co alumnado dos distintos cursos na realización de actividades ao longo do curso. O persoal non docente (persoal subalterno) tamén colabora co EDLG.

O EDLG do IES Santa Irene traballa en estreita colaboración co Equipo da Biblioteca Escolar "Xosé Luís Méndez Ferrín".



6.2. Obxectivos específicos

1. Obxectivos respecto á contorna.
 - Participar en actividades con outros centros educativos, asociacións ou entidades da contorna.
2. Obxectivos referidos ao profesorado.
 - Favorecer que o maior número de profesores e profesoras e mais os departamentos participen das actividades propostas polo EDLG e que as actividades que eles/as promovan se desenvolvan tamén en lingua galega.
 - Asesorar ao profesorado dos recursos lingüísticos e mais a información que precisen sobre a lingua galega, para se fornecer de maior coñecemento e seguridade no seu labor docente e no uso habitual que realizan da lingua galega.
 - Concienciar ó profesorado da importancia da súa actuación no proceso de normalización lingüística dado que se aprecia que normaliza máis o profesorado doutras materias que dá a súa clase en galego que o propio de Lingua Galega e Literatura.
 - Fomentar a creación de actividades interdisciplinares e intentar incorporar contidos referentes á realidade cultural galega. Dar a coñecer a cultura galega e as tradicións a través de celebracións como o Samaín, o Entroido ou os Maíos.
3. Obxectivos referidos ao alumnado.
 - Axudar a reparar en actitudes, prexuizos e estereotipos lingüísticos negativos referidos á lingua e cultura galega para superalos e mellorar a actitude crítica.
 - Achegar a cultura galega desde diferentes disciplinas e tratando diversos temas sociais, tendo en conta a educación en valores.
 - Favorecer o emprego da lingua galega entre a mocidade, especialmente os usos orais en contextos formais e informais.
4. Obxectivos referidos ao centro educativo.
 - Velar polo cumprimento da lexislación vixente sobre o uso da lingua galega.
 - Implicar ao persoal docente e non docente no proceso normalizador.

6.3. O EDLG e as novas tecnoloxías

Durante este curso seguiranse mantendo as seguintes *webs* en galego:

- Bitácora da biblioteca escolar *A cova máxica*: <https://acovamaxica.blogspot.com/>
- Canle de Youtube (<https://www.youtube.com/c/iessantairene>),
- X (<https://twitter.com/iessantairene>),
- Instagram (<https://www.instagram.com/institutosantairene/>).
- Páxina *web* do instituto: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iessantairene/>
- Proxecto Polos Creativos: creación dunha radio escolar.

6.4. Actividades

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega leva a cabo todos os cursos unha gran cantidade de actividades para o fomento do uso da Lingua Galega, como obradoiros, obras de teatro,



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
SANTA IRENE

986 233 799 / 986 231 162
ies.santairene@edu.xunta.gal
Praza de América, 7
36211-VIGO

seminarios, concursos, excursións e charlas, que se recollen na concreción anual do Proxecto Lingüístico integrada na Programación Xeral Anual (PXA).



Data de aprobación do claustro: 07 de novembro de 2024

Data de aprobación do consello escolar: 07 de novembro de 2024

[IES Santa Irene](#)
